

# DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

M. Arbor Aldea / X. Varela Barreiro (2008): “O uso dos signos gráficos <i> e <y> como segundo elemento de ditongo decrecente. A evidencia de dúas mans na copia do *Cancioneiro da Ajuda*”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira: *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 419-442.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

## O USO DOS SIGNOS GRÁFICOS «I» E «Y» COMO SEGUNDO ELEMENTO DE DITONGO DECRECENTE. A EVIDENCIA DE DÚAS MANS NA COPIA DO *CANCIONEIRO DA AJUDA*\*

Mariña Arbor Aldea e Xavier Varela Barreiro

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

### 0. Presentación

Na xénese deste traballo estivo, ao par da merecida homenaxe ao mestre e amigo Antón Santamarina, a intención de afondar na descrición de aspectos concretos relevantes das grafías do *Cancioneiro da Ajuda* (*A*) que non puideron ser debidamente debullados en Rodríguez/Varela (2007) e que, ademais de ofrecer un maior nivel de detalle, permite abordar con novos datos e argumentos máis sólidos cuestións non suficientemente aclaradas da compilación e da historia do códice. No caso concreto da descrición minuciosa da grafía dos ditongos decrecentes, motivounos inicialmente a posibilidade de establecer na organización interna do manuscrito zonas ben diferenciadas que puidesen poñer de manifesto diversidade de fontes, diversidade de mans na copia, diversidade de sistemas gráficos empregados na transcrición ou mesmo diversidade na cronoloxía da incorporación dos distintos materiais ao cancionero. Finalmente, acabamos centrándonos na relación que existe entre a variación gráfica <i> / <y> e o traballo dos copistas, por ser a distribución destas grafías no cancionero reveladora de novos datos que permiten determinar con maior precisión o número

---

\* Este traballo realizouse no marco do proxecto de investigación *Estudo lingüístico e paleográfico do Cancioneiro da Ajuda*, realizado no Instituto da Lingua Galega e financiado pola Dirección Xeral de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia (PGIDIT06PXIB240159PR). Os datos aquí expostos son, así mesmo, froito parcial dos estudos que sobre o *Cancioneiro da Ajuda* realiza M. Arbor no marco do Programa Nacional de Investigación Ramón y Cajal, financiado polo Ministerio de Educación y Ciencia.

de mans que interviñeron na compilación e o alcance do traballo de cada man (folios e cadernos). Comezaremos por facer unha breve exposición do estado da cuestión (apartado 1) para, a continuación, describir os usos gráficos que se documentan en *A* para a representación dos ditongos decrecentes (apartados 2-3).

Para este estudo tomamos como base textual unha edición semipaleográfica inédita propia (Mariña Arbor) do Cancioneiro. Complementámola, cando fixo falta, coa edición facsimilar do cancionero publicada en Lisboa o ano 1994 e coa edición diplomática de Carter (1941).

## 1. As mans na copia de *A*

Sábese xa desde mediados do século XX que no proceso de copia do códice da Ajuda (antes do Colégio dos Nobres) interveu máis dunha man, aínda que non se chegou a determinar de xeito definitivo cantas traballaron, e con que reparto, no cancionero. A opinión máis estendida fala de dúas. Feitos codicolóxicos, paleográficos e gráficos apuntan nese sentido, xa que amosan claramente a ruptura da linealidade, aínda que non hai coincidencia total á hora de sinalar un punto concreto como divisoria.

Baseándose en feitos de teor paleográfico, M. A. Ramos (1994) establece unha fronteira ben precisa entre dúas zonas. Na primeira, que vai da primeira páxina (79) á 234 –a última do caderno XII nas propostas de estruturación dos cadernos do cancionero de C. Michaëlis (1904), M. A. Ramos (1994) e na resultante do restauro de 1999-2000 (M. A. Ramos 2005)<sup>\*\*</sup> –, emprégase unha «forma caligráfica solene da carolina final –ou de “transição”, ou “românica”– executada num estilo semelhante aos códices castelhanao-leoneses do reinado de D. Afonso X» (Ramos 1994: 38-39) e nela puideron intervir varias mans ou unha mesma man en momentos distintos, o que podería explicar que acolla «bastantes variações de grandeza, de espaçamento e de homogeneidade» (Ramos 1994: 39). A partir da páxina 235 (primera do caderno XIII en todas as propostas de fasciculación) cámbiase a un tipo de letra que «tem influência gótica acentuada, nos tracinhos finos que inician ou terminam as pernas e as hastes das letras, no maior encosto das letras entre si unidas por aqueles tracinhos» (Ramos 1994: 39). A autora portuguesa considera que a segunda man «parece mais nitidamente uma só do que a primeira mão, devido não só a [sic] maior constância, ao maior profissionalismo, mas também à menor quantidade de texto copiado» (Ramos 1994: 39).

A consideración da realidade codicolóxica tamén leva a M. A. Ramos a situar na mesma páxina 235 (inicio do caderno XIII) un cambio no xeito de realizar

\*\* No desenvolvemento deste traballo tomamos como referencia a ordenación en cadernos resultante do restauro de 1999-2000 (Ramos 2004), na que emerxen tres novos cadernos constituídos por un único folio: VII<sup>a</sup>, XI<sup>a</sup> e XIV<sup>a</sup>.

a preparación do folio e, sobre todo, o comezo dun tramo caracterizado pola súa irregularidade interna e polas notables diverxencias cos cadernos anteriores. Para M. A. Ramos (2005: 1338) «não é só uma mudança de mão que se pode situar nos dois últimos cadernos, mas uma alteração das linhas directrizes das simetrias da esquadria e mutações integrantes na configuração dos cadernos».

Nalgunha das publicacións recentes centradas nas grafías de *A* abórdase tamén esta cuestión de forma expresa e nalgunha outra ofrécese datos precisos que poden ser aproveitados. Nelas ampliáanse a tres os posibles puntos de corte no interior dos últimos cadernos:

1. Cambio do caderno XII ao XIII. **(i)** Mariño/Varela (2005: 328-336) non se afastan da teoría derivada dos datos paleográficos e codicolóxicos e confirman esa mesma páxina 235 como punto no que se produce un corte cos folios e cadernos anteriores. Propoñen «con toda a provisionalidade» (p. 335) a existencia de tres grandes grupos de intervalos en *A* no relativo ao emprego de <u>, <U> e <V> en contexto poscapital. O último –e máis singular, por presentar só a solución <V>– fórmano os cadernos XIII e XIV. Na súa proposta destaca que «nas agrupacións predomina claramente a coincidencia dos cortes con cambio de caderno e tamén con cambio de ciclo» (p. 336). **(ii)** En Varela (2005) non se trata especificamente a vertebración interna do cancionero, pero na exposición dos usos asistemáticos das letras maiúsculas (apdo. 2.2, pp. 284-287) déixase constancia de que o emprego de <R>, tanto en final como en inicial de palabra (*trameteR, morreR, iR, guardaR...* || *Rey, Razon*), documéntase nos primeiros doce cadernos (os últimos casos son da pág. 228), pero non en XIII e XIV.
2. Outro fenómeno gráfico, exposto por Rodríguez/Varela (2007), adianta a fronteira á divisoria entre XI<sup>a</sup> e XII: a grafía <m> en posición implosiva final de palabra está ausente na última parte do manuscrito, concretamente a partir da páxina 226 (a segunda e última de XI<sup>a</sup>), na que figuran os dous últimos exemplos (*diram*).
3. Outras realidades gráficas expostas por Rodríguez/Varela (2007) apuntan a unha ruptura aínda máis adiantada da linealidade, entre os cadernos XI e XI<sup>a</sup> (en realidade, o adianto é de unicamente dúas páxinas, pois XI<sup>a</sup> está constituído por un único folio). **(i)** Na representación do fonema africado /t̂s/ hai unha extensa zona (cadernos I-XI) na que alternan <ç> e <c>, con claro predominio do primeiro. A partir do caderno XI<sup>a</sup> (pp. 225-226) <ç> cobra pleno protagonismo, pois non se volve empregar <c> con este valor fónico (o último exemplo é o *gracirei* de 222b) (cadro 27). **(ii)** A ese mesmo lugar do códice apunta a distribución de <j> (minúsculo). O seu escaso uso remata no caderno XI (*uiuj* [222b]), con asentamento previo nos cadernos I, II, VI, VII e VIII (cadro 16). **(iii)** Nos planos fonético e morfolóxico conviven formas verbais de P3 con dobre

solución desinencial, vocálica e consonántica (*fize, fezo / fiz...*); as segundas son moi maioritarias e están presentes en todos os cadernos, mentres que as primeiras presentan unha área de distribución que se localiza entre os cadernos I e XI –só faltan en VII<sup>a</sup>, seguramente por tratarse dun caderno constituído por un único folio, e IX–, pero faltan a partir de XI<sup>a</sup> (o último caso, *fezo*, aparece en 216b) (cadro 28).

A consideración dos datos presentados lévanos a focar unha pequena zona da parte final de *A* pola que parecen pasar varias “*isógrafas*” moi próximas entre si e que poden revelar novas realidades dos “substratos constitutivos” de *A* que ata agora non foran percibidas ou que, simplemente, foran intuídas de forma moi vaga. A incorporación da representación gráfica dos ditongos decrecentes ao estudo permite entender mellor as peculiaridades desa pequena zona de transición entre os fascículos XI e XIII e, finalmente, afinar un pouco máis na comprensión do artellamento dos materiais codicolóxicos, gráficos e literarios que se dan cita no *Cancioneiro da Ajuda*.

Unha primeira aproximación, puramente estatística e global, á variación gráfica na representación do glide palatal nos ditongos decrecentes non só confirma a importancia desa zona como dominio codicolóxico no que se produciu o cambio de man, senón que permite indicar con exactitude o punto (o caderno e a páxina) no que comeza o seu traballo o segundo copista, e delimitar ben os espazos para o estudo dos sistemas gráficos respectivos. Ao mesmo tempo, confirma a importancia da realización do estudo lingüístico e paleográfico de *A*, demorada, de forma inexplicable, ata os nosos días.

A comprobación páxina a páxina das proporcións entre <i> e <y> revelounos que o cambio de man non se produciu coincidindo con cambio de caderno. O recto do folio 74, o único conservado –ou coñecido– do caderno XI<sup>a</sup>, realizouno a primeira man, pero o verso xa foi obra do segundo copista. É dicir, que a divisoria entre as dúas zonas está entre as páxinas 225 (f. 74r) e 226 (f. 74v). O cadro seguinte amosa a brusca ruptura das porcentaxes de uso de <y> –frente a <i>– en ditongo decrecente producida nese punto:

CADRO 1

219	220	221	222	223	224	225	226	227	228	229	230	231	232
10,8%	3,8%	5,3%	11,5%	6,9%	12,5%	0%	61,2%	43,8%	82,2%	94,5%	100%	-	88,9%

Ese mesmo contraste –radical– das páxinas de confluencia (225 e 226) obsérvase en conxunto entre as dúas zonas e cos mesmos valores porcentuais. Mentres nos cadernos e páxinas copiados pola primeira das mans (pp. 79-225; cads. I-XI<sup>a</sup>r) é amplisimamente maioritaria a representación mediante <i>, nos correspondentes á segunda man (pp. 226-254; cads. XI<sup>a</sup>v-XIV<sup>a</sup>) é <y> a solución igual de maioritaria:

CADRO 2

	<i>		<y>	
	Casos	%	Casos	%
<b>Man 1</b>	2853	90%	314	10%
<b>Man 2</b>	47	9,6%	445	90,4%

Estes datos obxectivos deixan claro que neste contexto cada man representa –e emprega– uns principios gráficos non só distintos senón mesmo contrarios que, no curso da realización deste traballo, obrigáronnos a cuestionar a nosa metodoloxía inicial na abordaxe do estudo grafemático de *A*. E a realidade é que temos que dar conta deste cambio de perspectiva metodolóxica no curso da nosa pesquisa. En sintonía coa postura adoptada en traballos nosos anteriores –especialmente Mariño/Varela (2005) e Rodríguez/Varela (2007)–, iniciamos o estudo partindo da premisa de que o *Cancioneiro da Ajuda* é un corpo unitario, resultante dunha única empresa codicolóxico-grafemática, lingüística e poético-cultural, dentro do cal é posible distinguir zonas máis ou menos diferenciadas en ámbitos lingüísticos concretos (variación léxica, morfolóxica, fonética, etc.), pero que demanda un tratamento conxunto das súas unidades na análise escriptolóxica. Mais, como acabamos de ver, ao ordenar os primeiros resultados da esculca na procura das formas que presentan ditongo decrecente con glide palatal, chegamos de contado á conclusión de que para o estudo gráfico de *A* cómpre cambiar a premisa inicial e traballar por separado con dúas zonas ou sectores claramente diferenciados, pois é moi probable que as dúas mans representen sistemas gráficos total ou parcialmente distintos.

## 2. Outras grafías e outros contextos

### 2.1. <j>: a terceira grafía da clase de conmutación

<i> e <y> son as unidades que nos interesan directamente, pois son as únicas grafías do glide palatal en ditongo decrecente, mais a nivel xeral estas dúas grafías forman clase de conmutación con <j>, polo que é interesante ver que regras aplicaron os copistas na escolla entre estas tres unidades. En tal sentido, é destacable que os dous copistas incluían estas tres unidades no seu alfabeto e que, fóra do contexto dos ditongos decrecentes, aplicaban no seu uso as mesmas regras distribucionais.

Se deixamos a un lado casos problemáticos como *estrāyaria* (144a), *estrayar* (144a), *strāyasse* (193b) e *estrayara* (246b), nos que cabería interpretar <y> e <ỹ> como grafías da nasal palatal (Rodríguez/Varela 2007), podemos dicir que a grafía <y> ca-

racterízase por non representar valor consonántico (a fricativa prepalatal sonora /ʒ/) nas dúas zonas de *A*. Pola súa banda, <j> singularízase por presentar un escasísimo nivel de uso (só 26 ocorrencias) e, pese a iso, obedecer a súa escolla a unha paleta heteroxénea de criterios que fai deste alógrafo unha unidade pouco estable nas redes estruturais do sistema gráfico. <i>, por último, é a menos marcada das tres unidades, figura en todos os contextos e participa en todas as clases de conmutación.

Centrándonos xa na grafía <j>, diremos que, con valor consonántico, ten motivación exclusivamente codicográfica. En cinco dos seis casos figura en posición capital –executada ou non; con ou sen anotación para o rubricador<sup>1</sup>– e ten valor de maiúscula: *Ja* (I<sub>2</sub>, II), *(J)a* (XIV), *((J))uro* (VIII). No outro caso, *traj'* (IV), no que podería ter xustificación fonolóxica (carácter consonántico), ten valor de minúscula e o <j> non é da instancia da copia senón da corrección, coa cal se emenda un *trae* orixinal nunha cantiga atribuída, en *B*, a Pero Garcia Bungalés<sup>2</sup>. Este exemplo queda, pois, á marxe, pois só sería posible a súa interpretación nunha análise independente dos materiais gráficos do corrector<sup>3</sup>.

Con valor vocálico, os usos desta mesma grafía obedecen á aplicación de dous criterios distintos. Ao xa aludido criterio codicográfico responden os dous casos nos que aparece en posición poscapital –con claro valor de maiúscula–: *DJrei* (VI) e *FJz* (VI). Son razóns grafotácticas as que explican os dezaioito casos nos que está precedida de <i> ou de <u>. Un e outro contexto eran sentidos como ambiguos, pero non no mesmo grao, e non daban pé ás mesmas confusións. (i) Precedida de <u> (con valor consonántico), o emprego da grafía normal, <i>, orixinaba un sintagma gráfico potencialmente ambiguo ou problemático en palabras que presentaban a secuencia fónica /vi/, á hora de establecer na lectura a secuencialidade das unidades <i> e <u> (<ui> ou <iu>); non obstante, semella que non foi sentido así e neste contexto só se ensaiou de forma moi excepcional unha das dúas solucións reparatorias posibles, <j>. Ás dúas formas –e 12 ocorrencias– con <j> (*uj* [I<sub>7</sub>, II<sub>4</sub>], *uiuj*<sup>4</sup> [XI]) opóñense as 89 formas –e 838 ocorrencias– con <i>: *adeuinar* (1), *adeuinnar* (1), *anuidos* (1), *atreuia* (2), *auia*

1 Na reprodución dos exemplos, representamos entre parénteses as capitais non realizadas pero con anotación para o rubricador, entre dobres parénteses as que non están realizadas nin teñen anotación para o rubricador, e limpas as que están realizadas (teñan ou non anotación para o rubricador). O desenvolvemento das abreviaturas reproducése entre parénteses rectas. As elisións indícanse mediante o apóstrofo. A unión de constituíntes de palabra separados no manuscrito indícase co signo “&”. Por outra banda, as cifras en subíndice representan o número de ocorrencias das formas en cada caderno (a ausencia de cifra en subíndice indica que hai unha soa ocorrencia).

2 A nivel paleográfico presenta unha morfoloxía distinta dos outros <j>.

3 Pódese ver en Rodríguez/Varela (2007) unha presentación detallada da problemática que suscita este exemplo.

4 Este <j> debeu ser incorporado con posterioridade á copia, seguramente na fase de corrección. Paleograficamente é moi distinto do dos dous copistas –é de trazo moito máis fino– e poderíase afirmar que garda notable similitude co de *traj'* (páx. 126b), realizado tamén, como xa dixemos, polo

(19), *a&xuia* (3), *auiam* (1) ... *laira* (1), *e[n]&xuiou* (1), *marauillado* (6), ((*M*))*arauillado* (1) ... *todauia* (2), *toda&xuia* (8), *ui* (255), *uia* (2), *uiço* (2), *uiçoso* (1) ... *ui&cu'* (1), *ui&xuer* (1), *ui&xuo* (1), *uiuu'* (2), *uiuuver* (1). (ii) Precedida de <i>, o emprego da grafía normal, <i>, xeraba tamén ambigüidade en palabras que presentaban os hiatos “xeminados” /ii/ ou /iĩ/. As confusións xa non eran de secuencialidade, senón alfabéticas, pois eran as letras <i> e <u> –e as súas correspondencias fonéticas– as que rachaban coa súa diferencialidade: a forma paleográfica *uiian* podía interpretarse de varias maneiras (pola sucesión de hastas): *iiuan*, *uiian*, *uuan* como formas gramatical e lexicamente existentes e algunha outra virtual sen tal correspondencia (\**iuian*, \**iiian*). Esta ambigüidade paleográfica era sentida profunda e nidiamente e talvez por iso ensaiáronse en *A* as dúas solucións alfabéticas posibles (<y> e <j>), e, o que é máis importante, evitouse escrupulosamente a secuencia gráfica <ii> neste contexto –non hai un só caso nas 310 cantigas–. A primeira das solucións (<y>) tivo moi pouco percorrido, como o demostra o feito de que só se documente un único caso en todo o cancionero: *des&xuiygad'* (IV). A segunda solución, a dos chamados “i baixo”, “i longo” e “iota”, tivo plena fortuna como factor de desambiguación: *rijr* (VIII), *rijR* (VII), *auĩr* (I), *uijan* (VII), *uijr* (VII), *uĩjr* (II). Todos os casos –precedidos de <u> ou de <i>– coinciden en rexistraren o <j> e o <y> como segundo elemento da cadea gráfica.

Para concluír coa descrición dos usos de <j> en *A* é pertinente comparalos cos de <V>, a “letra nova” da serie velar das vogais. A diferenza máis destacable entre elas é a motivación exclusivamente codicográfica e o carácter soamente maiúsculo da velar <V> (sempre en posición poscapital [Mariño/Varela 2005]) e a existencia de distinción <j> / <J> na serie palatal, comprensible como “minúscula / maiúscula” e con baseamento dobre: na diferenciación entre criterios de orde grafotáctica e codicográfica, respectivamente. Pensamos que o maior desenvolvemento de <j> e <J> –fronte a <V>– propiciou para elas unha formalización e codificación incipientes que abriron a posibilidade do seu aproveitamento no plano fonográfico, e así, en *A*, o uso da minúscula acolleuse a principios de regularidade que a limitaron ao valor vocálico<sup>5</sup>. Con carácter de minúscula e valor consonántico as grafías empregadas eran <i> e <g><sup>6</sup>.

## 2.2. <i> e <y> fóra do contexto de ditongo decrecente

Confesamos que as regras distributivas da parella gráfica <i> - <y> non nos foron boas de descifrar ao comezo, debido á grande frecuencia dos sons que representan

corrector. É un caso singular, pois a corrección supón substituír un presente (*uiu'*) por un pretérito (*uiuj*).

5 Distinto debía de ser o criterio do corrector, á vista do *traj'* mencionado (cad. IV, pág. 126b).

6 Con valor de excepcionalidade rexístranse dous casos nos que <x> podería representar este valor (Rodríguez/Varela 2007): *alfanx'* (XII<sub>2</sub>).



e á diversidade de contextos fónicos e gráficos nos que aparecen. Cóntanse por varios miles as súas ocorrencias e a inicial sospeita dun grao non elevado de regularidade nas grafías, ao ser *A* unha das obras inaugurais da escrita literaria romance occidental, levounos a facer múltiples tanteos, desde os de alcance máis xeral (a globalidade do cancionero) ata os de alcance menor (contexto anterior, contexto posterior, carácter nuclear ou carácter marxinal na sílaba, primeira ou segunda man, etc.). Na sucesión de ensaios fónomos topando con resultados por veces desconcertantes. Nunhas ocasións revelaban coincidencias claras, pero noutras manifestaban unha relación abertamente contraditoria. A consideración do carácter monovocálico ou plurivocálico do contorno inmediato ofrece unha imaxe de pouca homoxeneidade entre os catro contextos considerados. A predominancia de <i> presenta unha oscilación de máis de doce puntos porcentuais entre os contextos extremos:

CADRO 3

	<i>	<y>
<b>Hiato</b>	91,1%	8,9%
<b>Vogal única</b>	89,1%	10,9%
<b>Ditongo crecente</b>	84,7%	15,3%
<b>Ditongo decrecente</b>	79,2%	20,8%

Outro tanto pódese dicir das proporcións xerais entre <i> e <y> nas zonas correspondentes ás dúas mans (cadro 4), que difiren bastante (36,9% / 63,1% fronte a 9,6% / 90,4%), por exemplo, das do contexto específico dos ditongos decrecentes no caso da segunda man (ver cadro número 2):

CADRO 4

	<i>		<y>	
	Casos	%	Casos	%
<b>Man 1</b>	4950	89,4%	586	10,6%
<b>Man 2</b>	276	36,9%	471	63,1%

A aparente anarquía na que nos sentimos durante un tempo evaporouse no momento no que establecemos a distribución de formas gráficas tendo en conta o contexto que representa a unidade inmediatamente anterior, e aínda máis cando cruzamos estes datos cos correspondentes ás dúas zonas de *A*.

En posición posconsonántica, ten carácter de regra rixida e inflexible o emprego da grafía <i>, tanto para a primeira como para a segunda man, na copia do

cancioneiro. As estatísticas achéganse moito ao 100%:

CADRO 5

	<i>		<y>	
	Casos	%	Casos	%
<b>Man 1</b>	2018	98,8%	23	1,2%
<b>Man 2</b>	226	99,1%	2	0,9%
<b>Total</b>	2244	98,8%	25	1,2%

Vintecatro das vintecinco excepcións representan a vogal /i/ en posición final de palabra, tanto en monosílabos como en polisílabos: *hy* (VII<sup>a</sup><sub>2</sub>), *(M)y* (IV), *sy* [adv. *asy*] (IV); *lly* (VII), *my* (II), *sy* [cond.] (II) || *aly* (V, VIII<sub>2</sub>), *assy* (II<sub>5</sub>, VI, VIII), *desy* (VI), *dormy* (XII), *entendy* (VI), *menty* (VII), *party* (I, XII); *pudy* (XI). A outra excepción representa tamén a vogal /i/, pero en contexto hiático e precedida de <u>, polo que é moi probable que neste caso o emprego de <y> teña valor grafotáctico como elemento de desambiguación: *deuya* (II).

En posición non posconsonántica (posvocálica ou inicial), hai coincidencia de criterio entre as dúas mans en tres contextos, mais no outro, o dos ditongos decrecentes, como xa vimos no cadro 2 e expoñeremos despois máis demoradamente, unha e outra man están guiadas por regras opostas.

Nos contextos de glide en ditongo crecente, de elemento de hiato e de elemento vocálico único é moi acusada a preferencia por <y> dos dous copistas, aínda que non se chega a un grao tan alto de homoxeneidade como en contexto posconsonántico:

CADRO 6

	Ditongo crecente		Hiato		Vogal única		Total	
	<i>	<y>	<i>	<y>	<i>	<y>	<i>	<y>
<b>Man 1</b>	4 4,8%	80 95,2%	24 34,7%	45 65,3%	52 29,3%	125 70,7%	80 24,2%	250 75,8%
<b>Man 2</b>	- -	4 100%	1 25%	3 75%	2 10,5%	17 89,5%	3 11,1%	24 88,9%
<b>Total</b>	4 4,5%	84 95,5%	25 34,2%	48 65,8%	54 %	1423 72,9%	83 23,2%	274 76,8%

A man 2 actúa con máis regularidade (88,9% por un 75,8% da man 1) e, dos tres contextos, é no dos ditongos crecentes –en ambas as mans– no que se produce

unha máis fiel observancia do principio. Dos outros dous, é no contexto hiático no que é maior a porcentaxe de excepcións, de forma máis acusada na man 1 (65,3% por un 75% da man 2).

As excepcións do contexto hiático presentan o hiato na parte inicial da palabra, tanto en contexto posvocálico como inicial. Concéntranse todas en tres lemas (*ainda*, *ir* e *oir*)<sup>7</sup>. En dúas das tres voces son claramente maioritarias as formas en <i>. A outra, que representa o 58,7% das excepcións e a porcentaxe máis alta para <y>, é o verbo *oir*. Non sabemos a que obedece neste caso o cumprimento da regra xeral, se ao carácter verbal da voz ou a que a outra vogal do hiato é <o> (fronte ao <a> das outras dúas):

- 77,7% **ainda** [7/2]: *aínd'* (V), *ainda* (V, VI, VII, VIII, IX), (*A*)*inda* (VI) || (*A*)*ynda* (VI<sub>2</sub>).
- 58,8% **ir** [10/7]: *ia* (I<sub>3</sub>, II, IV, VI, VII<sub>2</sub>, VIII, XIII) || *ya* (I, II, X), *yam* (VII<sup>a</sup>) *yades* (VI<sub>3</sub>).
- 18,9% **oir** [7/30]: *oides* (IV<sub>2</sub>), *oir* (I<sub>2</sub>, VIII), *oira* (III), *oistes* (X) || (*O*)*y* (X, XI), *Oy* (II, IV, V<sub>3</sub>, X, XI<sub>2</sub>), *oya* (X), *Oyr* (I<sub>2</sub>, II, III<sub>4</sub>, VII, VIII, XIV), *Oyrdes* (XI), *oyredes* (II), *oyren* (II, X), *oystes* (I, II).

As excepcións do contexto de vogal única preséntanse todas en posición inicial de palabra, na que, en contra da regra xeral e nas dúas mans, é claramente maioritario o emprego de <i>, tanto en monosílabos como en polisílabos, coa única salvidade do adverbio *y*, para o que se prefire, tamén nas dúas mans, o ípsilon. Destaca o peso das solidariedades léxico-gramaticais, visible na similitude das porcentaxes de *ir* e *inda* neste contexto e no hiático, no que, como acabamos de ver, tamén figuran (*ia* e *ainda*):

- 77,5% **ir** [45/13]: *ides* (I<sub>2</sub>, III), *ido* (IX), *ir* (I<sub>6</sub>, II, III<sub>5</sub>, IV<sub>2</sub>, V<sub>5</sub>, VI<sub>2</sub>, VII<sub>2</sub>, VIII<sub>7</sub>, IX, XI), *iR* (VII), *IR* (III), (*I*)*r* (XI), *ira* (VIII), *irei* (I), *irey* (VI, XIII), *iria* (V, VI) || *ydes* (VI, XIII), *yr* (IV<sub>3</sub>, VI, VII, VIII, X<sub>2</sub>), (*Y*)*r* (XI), *yrey* (XIII), *yria* (IV).
- 50% **(a)inda** [2/2]: *inda* (I<sub>2</sub>) || *ynda* (I<sub>2</sub>).
- 5,2% **i** [7/126]: *i* (I, II<sub>2</sub>, VIII, IX, XI, XIV) || *y* (I<sub>7</sub>, II<sub>18</sub>, III<sub>3</sub>, IV<sub>12</sub>, V<sub>12</sub>, VI<sub>18</sub>, VII<sub>8</sub>, VII<sub>2</sub>, VIII<sub>11</sub>, IX<sub>4</sub>, X<sub>9</sub>, XI<sub>7</sub>, XII, XIII<sub>6</sub>, XIV<sub>7</sub>, XIV<sub>8</sub>).
- 0% **isto** [-/1]: *yst'* (VII).

7 Non tomamos en consideración o *morreia* presente nunha cantiga atribuída, segundo B, a Pero Garcia Buralês (cad. IV, pág. 122b), por se tratar dun erro cometido pola copista na representación do *morreia* que demandan o contido da cantiga e a súa rima con *seria*, *poderia*, *prazeria*, etc.

As excepcións en contexto de ditongo crecente son exclusivas da primeira man; nestas palabras a solución gráfica <i> é moi minoritaria:

- 10% **caer** [1/9]: *caia* (V) || *alfaya* (II), *gaya* (III), *guaruaya* (II), *maya* (III<sub>2</sub>), *retraya* (II), *saya* (II, III), *uaya* (III).  
 4,2% **maior** [3/68]: *maior* (VIII, IX, XI) || *mayor* (I<sub>9</sub>, II<sub>6</sub>, IV<sub>6</sub>, V<sub>6</sub>, VI<sub>6</sub>, VII<sub>4</sub>, VIII<sub>6</sub>, IX<sub>4</sub>, X, XI<sub>17</sub>, XII, XIII, XIV).

### 3. <i> e <y> en ditongo decrecente

O contexto dos ditongos decrecentes ten para o galego e para o portugués unhas connotacións histórico-lingüísticas moi marcadas e no século XIII xa debía de haber conciencia diso. Así o pensamos nós e cremos que o demostra a influencia que tivo na fixación dos principios gráficos atixentes á parella <i> - <y>. Permítasenos unha leve pincelada sobre a xénese destes ditongos.

Na esfera da idiosincrasia fonética –tanto actual como histórica– do galego e do portugués, os ditongos decrecentes –e, á inversa, a escaseza de ditongos crecentes– ocupan un lugar moi destacado, pois constitúen un dos trazos fonéticos singularizadores do galego e do portugués entre os romances da Península Ibérica. Fronte ao dinamismo evolutivo de catalán ou castelán, que os levou a monotongar estas secuencias, galego e portugués tiveron unha historia máis conservadora e mantiveron ata hoxe o primitivo estadio ditongal: *nit, faré; noche, haré / noite, farei*. A estes ditongos chegouse por diferentes vías. En relación especificamente cos ditongos que teñen segundo elemento palatal, as vías representadas en voces endóxeas rexistradas en *A* son cinco: (i) ditongo primario latino: *ay, foy*; (ii) anticipación de iode: *uerdadeir', doyr', moyro, poyd', queyxar*; (iii) síncope consonántica: *ey, desegei, estarei, dey, coidar, mais, Rey, estraydade, sei*; (iv) vocalización de consoante implosiva: *leixar, dereito, coita, noite*; (v) analóxica: *poys*. Estes ditongos fixéronse cun lugar destacado nas redes da morfoloxía verbal e con iso adquiriron un importante valor engadido ao se converteren en marca desinencial do paradigma morfolóxico do verbo. Dentro del son desinencia da primeira persoa singular do pretérito e do futuro do indicativo (-*ei* e -*rei*, respectivamente: *começey / querrey*). Ao figuraren na expresión de tempos de moi alta frecuencia de uso, teñen unha presenza maciza e amplamente distribuída en *A*<sup>8</sup> e constitúen unha

8 Estes ditongos están presentes en todas as páxinas con texto do cancionero, incluídas aquelas nas que o volume de texto é moi escaso –10 ou menos versos– (96<sup>5</sup>, 118<sup>7</sup>, 196<sup>10</sup>, 230<sup>10</sup>) ou escaso –entre 11 e 28 versos– (136<sup>11</sup>, 171<sup>14</sup>, 206<sup>15</sup>, 224<sup>12</sup>, 232<sup>14</sup>, 234<sup>20</sup>, 236<sup>25</sup>, 249<sup>28</sup>, 252<sup>25</sup>). Dos 3659 casos de ditongo decrecente en *A*, 629 correspóndense con formas verbais de P1 do pretérito ou do futuro de indicativo (un considerable 17,1%).

base lingüística privilexiada para o desciframento das regras do sistema gráfico, pois son formas que, ademais, presentan un alto grao de dispersión léxica.

Partindo dos datos colectados, aos que xa nos referimos e que ampliaremos máis adiante, podemos dicir cun grao elevado de convicción que hai dúas zonas perfectamente diferenciadas e dispostas de forma consecutiva no cancionero. A primeira comprende os doce primeiros cadernos e a primeira páxina do seguinte (XI<sup>a</sup>)<sup>9</sup>. Nela é patente a preferencia por <i> neste contexto ditongal. A segunda zona empeza na segunda páxina de XI<sup>a</sup> e continúa polos catro últimos cadernos (XI<sup>a</sup> [páxina 2]-XIV<sup>a</sup>). Esta segunda zona presenta no seu interior diferenzas relativamente sensibles –e ben localizadas– cuxas raíces están, pensamos, nunha actuación inicialmente vacilante do copista da segunda zona. Pasamos a describir as dúas grandes zonas por separado, consonte a explicación xustificativa adiantada no primeiro apartado deste traballo.

### 3.1. Zona 1: páxinas 79-225 (ff. 1r-74r) (cads. I-XI<sup>a</sup> [páx. 225])

Representa algo máis das catro quintas partes das páxinas do cancionero (84%). É a zona que presenta unha base leamática maior para as unidades portadoras deste tipo de ditongo, independentemente de cal sexa a grafía do segundo elemento (<i> ou <y>). Están presentes o verbo, o substantivo, o adxectivo, o adverbio-pronome-conxunción e a interxección. No verbo distinguimos dous grandes grupos, segundo as voces presenten o ditongo no lexema ou no segmento desinencial:

#### VERBO [1567]

- (a) Radical [1004]: *ascuitar* [1], *auer* [292], *cuidar* [167], *coitar* [59], *deitarse* [1], *fazer* [1], *ir* [9], *leixar* [63], *morrer* [81], *poder* [1], *queixarse* [30], *querer* [10], *saber* [210], *seer*<sup>\*10</sup> [1], *seer-ir* [77], *toller* [1].
- (b) Desinencia [563]: *achar* [6], *acordar* [1], *amar* [18], *amparar* [1], *andar* [5], *atender* [1], *auer* [21], *buscar* [4], *calar* [1], *cegar* [3], *chamar* [4], *chorar* [3], *cobrar* [1], *começar* [2], *creer* [2], *cuidar* [34], *dar* [1], *demandar* [1], *deseiar* [19], *dizer* [108], *doerse* [1], *durar* [1], *ensandecer* [2], *esforçar* [1], *estar* [1], *falar* [13], *fazer* [45], *ficar* [8], *fillar* [9], *gaannar* [1], *gracir* [1], *guardar* [3], *guarir* [2], *ir* [2], *leixar* [1], *leuantar* [1], *leuar* [9], *loar* [2], *matar* [1], *mentir* [2], *morar* [3], *morrer* [27], *negar* [9], *ousar* [17], *pagar* [1], *partir* [3], *perder* [23], *poder* [12], *pøer* [2], *prender* [4], *prouar* [1], *punnar* [8], *querer* [10], *quitar* [7], *reçear* [6], *rogar* [19], *saber* [2], *seer* [12], *sentir* [2], *seruir* [5], *soffrer* [3], *têer* [6], *temer* [3], *tornar* [1], *trobar* [2], *ueer* [21], *uingar* [1], *uiuer* [11].

9 Tomamos como referencia a ordenación en cadernos resultante do restauro de 1999-2000 (M. A. Ramos 2004), na que emerxen tres novos cadernos constituídos por un único folio: VIIa, XIa e XIVa.

10 O asterisco despois dunha palabra indica que se trata dun estranxeirismo. Neste caso é o galicismo *soy*, presente no verso alóglota *que ie soy uotr'ome lige* da cantiga 126 (atribuída en B a Fernan Garcia Esgaravunha).

SUBSTANTIVO [425]: *coita* [378], *dereito* [28], *Douro* [1], *estraidade* [1], *noite* [1],  
*Paai* [1], *preito* [5], *rei* [8], *traición* [2].

ADXECTIVO [7]: *uerdadeiro* [1], *primeiro* [6].

ADVERBIO, PRONOME OU CONXUNCIÓN [1123]: *demais* [1], *despois* [11], *iamais* [2],  
*mais* [422], *mui(to)* [395], *pois* [290], *primeiramente* [2].

INTERXECCIÓN [45]: *ai* [45].

A man responsable desta zona afástase da regra xeral do contexto non posconsonántico, pois ten unha moi clara preferencia por <i>. Non parece que a variación vocálica do contexto anterior condicionase a escolla gráfica, visto que as cinco vogais presentes ofrecen valores moi semellantes. No seguinte cadro pódese ver que <i> e <y> están nunha proporción de 9 a 1 no conxunto e con cada vogal:

CADRO 7

	<i>		<y>		Ambos	
	Casos	%	Casos	%	Casos	% Total
<b>TOTAL</b>	2853	90%	314	10%	3167	100%
<a>	420	87,1%	62	12,9%	482	15,2%
<e>	1084	88,7%	137	11,3%	1221	38,5%
<o>	796	93,6%	54	6,4%	850	26,8%
<u>	549	90%	61	10%	610	19,2%
<V>	4	100%	-	-	4	0,1%

Este desvío da regra xeral presupón unha fina reflexión fonolóxica e morfolóxica e o traslado das conclusións ao terreo das grafías. Na fixación deste sistema gráfico pesou o recoñecemento da singularidade dos ditongos decrecentes entre as outras secuencias multivocálicas e a súa singularización gráfica materializouse na escolla da solución discordante (<i>).

O 10% de formas con grafía <y> constitúeo un grupo de palabras que comparten características fónicas ben precisas que favorecen unha tendencia, máis ou menos regular, ao emprego de <y>. A primeira e máis importante destas características é o carácter monosilábico da palabra. A segunda, moito menos significativa, é a posición desinencial do ditongo. No seguinte cadro pódense ver estes desequilibrios nas porcentaxes:

CADRO 8

		Casos	%
<b>Monosílabo</b>		220	70%
<b>Polisílabo</b>	<b>Total</b>	94	30%
	<b>Desinencial</b>	53	56,3%
	<b>Non desinencial</b>	41	43,7%

A microestatística correspondente a <i> e <y> en cada forma concreta confirma a posición desinencial e o carácter monosilábico como os contextos nos que tamén, palabra a palabra, maior é o peso de <y>. Tendo en conta as formas ou grupos de formas máis significativas, aquelas que teñen presenza copiosa e distribuída nesta parte do cancionero, obsérvase que sete das dez primeiras do escalafón teñen ditongo desinencial en palabra monosilábica, unha en contexto desinencial polisilábico e as outras dúas en contexto non desinencial (son en total 270 ocorrencias, o 85,9% das formas con <y>):

- 100% **rei** [-/8]: *rey* [8] (II, III, VII<sub>2</sub>, XI<sub>4</sub>).
- 86,7% **ai** [6/39]: *ai* [6] (VI<sub>6</sub>) || *ay* [32] (II<sub>7</sub>, III<sub>6</sub>, IV<sub>7</sub>, V<sub>3</sub>, VI, VII, VII<sup>a</sup>, VIII<sub>4</sub>, IX, XI), ((*A*))*y* [1] (X), (*A*)*y* [6] (II, III, VI<sub>2</sub>, VIII<sub>2</sub>).
- 75% **ir** [2/6]: *uai* [2] (V, VI) || *uay* [6] (II<sub>2</sub>, IV, VIII, XI<sub>2</sub>).
- 71,5% **seer-ir** [22/55]: *foi* [11] (I, V, VI, VIII<sub>2</sub>, IX<sub>2</sub>, X<sub>2</sub>, XI<sub>2</sub>), *fui* [11] (II, VII<sub>2</sub>, VIII<sub>6</sub>, IX<sub>2</sub>) || *fóy* [25] (I<sub>3</sub>, II<sub>7</sub>, III<sub>2</sub>, V<sub>4</sub>, VI, VII<sub>4</sub>, XI<sub>4</sub>), *fuy* [30] (I<sub>5</sub>, II<sub>4</sub>, III<sub>5</sub>, IV<sub>5</sub>, V<sub>4</sub>, VII<sub>2</sub>, VIII<sub>3</sub>, X, XI).
- 19,2% **auer** [236/56]: *ei* [236] (I<sub>37</sub>, II<sub>30</sub>, III<sub>17</sub>, IV<sub>21</sub>, V<sub>15</sub>, VI<sub>31</sub>, VII<sub>11</sub>, VII<sup>a</sup>, VIII<sub>17</sub>, IX<sub>23</sub>, X<sub>9</sub>, XI<sub>22</sub>, XI<sup>a</sup><sub>2</sub>) || *ey* [56] (I<sub>7</sub>, II<sub>10</sub>, III<sub>2</sub>, IV<sub>2</sub>, V<sub>3</sub>, VI<sub>4</sub>, VII<sub>3</sub>, VII<sup>a</sup><sub>2</sub>, VIII, IX, X<sub>6</sub>, XI<sub>15</sub>).
- 17,3% **morrer** [67/14]: *moir'* [22] (II<sub>2</sub>, III, IV<sub>3</sub>, V, VI<sub>3</sub>, VII<sub>4</sub>, VII<sup>a</sup>, VIII<sub>2</sub>, IX, X<sub>2</sub>, XI<sub>2</sub>), (*M*)*oir'* [4] (VII<sub>2</sub>, X<sub>2</sub>), *moira* [7] (IV<sub>2</sub>, VI, VIII, X, XI<sub>2</sub>), *moiro* [34] (II<sub>2</sub>, III<sub>4</sub>, IV<sub>4</sub>, V<sub>3</sub>, VI<sub>3</sub>, VII<sub>4</sub>, VIII<sub>4</sub>, IX, X, XI<sub>8</sub>) || *moyr'* [8] (II<sub>5</sub>, IV<sub>2</sub>, X), ((*M*))*oyr'* [1] (VII), *moyro* [5] (II<sub>3</sub>, VII, XI).
- 16,7% **primeiro** [5/1]: *primeir'* [1] (VIII), *p[r]imeir'* [1] (IV), *primeiro* [3] (II, IV, XI<sup>a</sup>) || *primeyro* [1] (II).
- 9,8% **mui** [203/22]: *mui* [202] (I<sub>21</sub>, II<sub>13</sub>, III<sub>11</sub>, IV<sub>19</sub>, V<sub>13</sub>, VI<sub>43</sub>, VII<sub>17</sub>, VIII<sub>18</sub>, IX<sub>7</sub>, X<sub>22</sub>, XI<sub>17</sub>, XI<sup>a</sup>), (*M*)*ui* [1] (XI) || *muy* [22] (II<sub>4</sub>, III, IV, V<sub>3</sub>, VI<sub>3</sub>, VII<sub>4</sub>, VIII, X<sub>3</sub>, XI<sub>2</sub>).
- 9,2% **-(r)ei** (copret. e pospret. indicativo) [511/52]: 100% **leuantar** [-/1]: *leua[n]tey* [1] (II); 100% **gaannar** [-/1]: *gaanney* [1] (VI); 100% **uingar** [-/1]: *uinguey* [1] (VII); 50% **reçear** [3/3]: *reçeei* [3] (VIII, IX, XI) || *reçeey* [1] (I), *reçeey* [2] (VI, XI); 50% **trobar** [1/1]: *trobei* [1] (X) || *trobey* [1] (VII<sup>a</sup>); 42,9% **quitar** [4/3]: *quitei* [4] (X<sub>4</sub>) || *quitey* [2] (VI, VII), *q[uf]itey* [1] (X); 22,3% **fillar** [7/2]: *filei* [3] (II<sub>3</sub>), *fillei* [4] (II, VI, VII<sup>a</sup>, VIII) || *filley* [2] (VII, VIII);

- 12,5% **ficar** [7/1]: *fiquei* [5] (I, II, IV, VIII, X), *fiq[ue]i* [2] (I, II) || *fiquey* [1] (VII); 11,2% **leuar** [8/1]: *leuei* [8] (VI<sub>4</sub>, VII<sub>2</sub>, X<sub>2</sub>) || *leuey* [1] (VII); 9,1% **cuidar** [30/3]: *cuidei* [22] (I<sub>3</sub>, II<sub>3</sub>, III, IV<sub>3</sub>, VII<sub>2</sub>, VIII<sub>2</sub>, IX<sub>6</sub>, X<sub>2</sub>), *coidei* [8] (II, IV, V, VI, VII, VIII<sub>3</sub>) || *cuydey* [3] (I<sub>2</sub>, VI); 8,4% **ousar** [11/1]: *ousei* [11] (I<sub>3</sub>, IV<sub>4</sub>, VI, VII<sub>2</sub>, VIII) || *ousey* [1] (X); 7,2% **amar** [13/1]: *amei* [12] (I, IV<sub>2</sub>, V, VI<sub>5</sub>, VIII<sub>2</sub>, XI), ((A))*mei* [1] (VIII) || *amey* [1] (II); 100% **atender** [-/1]: *ate[n]derey* [1] (III); 100% **creer** [-/2]: *creerey* [2] (II, V); 50% **ir** [1/1]: *irei* [1] (I) || *irey* [1] (VI); 33,4% **partir** [2/1]: *partirei* [2] (I, VI) || *partirey* [1] (VII<sup>a</sup>); 25% **prender** [3/1]: *prenderei* [3] (II, IV, VI) || *prenderey* [1] (VII<sup>a</sup>); 20% **querer** [8/2]: *querei* [2] (III<sub>2</sub>), *querrei* [5] (III, VI<sub>3</sub>, VIII), *q[ue]rrei* [1] (I) || *querey* [1] (I), *q[ue]rey* [1] (III); 20% **falar** [4/1]: *falarei* [4] (VIII<sub>4</sub>) || *falarey* [1] (VII); 19,1% **ueer** [17/4]: *ueerei* [10] (I, IV, VII, VIII<sub>2</sub>, X<sub>4</sub>, XI), *uerei* [7] (I, IV<sub>5</sub>, VII) || *ueerey* [2] (VI, VII), *uerey* [2] (IV, IX); 16,7% **têer** [5/1]: *terrei* [5] (I, II<sub>2</sub>, VII<sup>a</sup><sub>2</sub>) || *terrey* [1] (I); 9,6% **auer** [19/2]: *auerei* [16] (I<sub>5</sub>, II<sub>4</sub>, III, IV, VI, VII<sup>a</sup>, VIII, IX, XI), ((A))*uerei* [2] (IX<sub>2</sub>), *a&cuerei* [1] (I) || *auerey* [2] (I, III); 8,9% **fazer** [41/4]: *farei* [41] (I<sub>2</sub>, II<sub>15</sub>, III<sub>10</sub>, IV<sub>2</sub>, V<sub>4</sub>, VI<sub>4</sub>, IX, X<sub>2</sub>, XI) || *farey* [4] (II, III<sub>3</sub>, V); 8,4% **rogar** [11/1]: *rogarei* [11] (I<sub>2</sub>, III<sub>3</sub>, IV<sub>3</sub>, V<sub>2</sub>, XI) || *rogarey* [1] (III); 8,4% **poder** [11/1]: *poderei* [11] (I, II<sub>3</sub>, III, IV, VI, VII<sup>a</sup>, VIII, IX, X) || *poderey* [1] (I); 8,4% **dizer** [99/9]: *direi* [97] (I<sub>16</sub>, II<sub>7</sub>, III<sub>6</sub>, IV<sub>14</sub>, V<sub>4</sub>, VI<sub>7</sub>, VII<sub>6</sub>, VII<sup>a</sup><sub>8</sub>, VIII<sub>8</sub>, IX<sub>8</sub>, X<sub>14</sub>, XI<sub>6</sub>), ((D))*irei* [1] (IV), *djrei* [1] (VI) || *direy* [9] (I, IV, VI, VII<sub>6</sub>); 7,5% **morrer** [25/2]: *morrei* [2] (III, XI), *morrerei* [23] (I<sub>3</sub>, II<sub>2</sub>, III<sub>2</sub>, IV, VI<sub>6</sub>, VII<sub>2</sub>, VIII, IX, X<sub>3</sub>, XI, XI<sup>a</sup>) || *morrerey* [1] (VII), *morrey* [1] (I).
- 8,1% **saber** [193/17]: *sei* [193] (I<sub>26</sub>, II<sub>13</sub>, III<sub>10</sub>, IV<sub>15</sub>, V<sub>23</sub>, VI<sub>21</sub>, VII<sub>11</sub>, VII<sup>a</sup><sub>9</sub>, VIII<sub>16</sub>, IX<sub>15</sub>, X<sub>12</sub>, XI<sub>22</sub>) || *sey* [16] (I<sub>4</sub>, II<sub>6</sub>, V, VI, VII, VII<sup>a</sup>, X, XI), *ssey* [1] (VIII).

Das sete formas seguintes – últimas– do escalafón, que suman en total 35 ocorrencias (o 11,1%), cinco presentan o ditongo en contexto non desinencial (en palabras polisílabas) e dúas en contexto desinencial (monosílabos):

- 4,2% **cuidar** [160/7]: *coid'* [13] (I, II, IV<sub>4</sub>, VI<sub>6</sub>, VII), *coida* [1] (IV), *coidado* [4] (IV<sub>2</sub>, V, VI), *coidan* [1] (XI), ((C))*oidand'* [1] (VI), *coidando* [4] (VI<sub>3</sub>, XI), *coidar* [14] (II, IV, V<sub>2</sub>, VI<sub>7</sub>, VII, VIII, XI), *coidasse* [2] (IV, VIII), *coidaua* [2] (V, X), *coidei* [8] (II, IV, V, VI, VII, VIII<sub>3</sub>), *coi&do* [1] (IV), *cuid'* [21] (I<sub>2</sub>, II<sub>5</sub>, IV<sub>2</sub>, VI<sub>2</sub>, VII, VIII, IX<sub>4</sub>, X, XI<sub>3</sub>), *cuida* [2] (I, XI), *cuidad'* [1] (II), ((C))*uidades* [1] (VI), *cuidades* [2] (I, II), *cuidado* [6] (II<sub>4</sub>, IV, VII), *cuidan* [2] (VII<sup>a</sup>, IX), *cuidand'* [1] (VI), ((C))*uidand'* [1] (VI), *cuidando* [3] (V, VII, IX), ((C))*uidando* [1] (VI), *cuidar* [14] (I<sub>7</sub>, II<sub>4</sub>, IV, IX, X), *cuidara* [1] (VIII), *cuidarei* [1] (I), *cuidaria* [2] (II, XI), *cuidass'* [2] (VII, VIII), *cuidasse* [8] (I<sub>2</sub>, II<sub>3</sub>, X<sub>4</sub>), *cuidaua* [2] (VIII, X), *cuidedes* [1] (I), *cuidei* [22] (I<sub>3</sub>, II<sub>3</sub>, III, IV<sub>3</sub>, VII<sub>2</sub>, VIII<sub>2</sub>, IX<sub>6</sub>, X<sub>2</sub>), *cuido* [13] (I<sub>3</sub>, II<sub>2</sub>, V, VII<sub>3</sub>, VIII<sub>4</sub>), ((C))*uidou* [1] (X), *CVidaua* [1] (IV) || *coyda* [1] (XI), *cuyd'* [1] (I), *cuydar* [1] (I), *cuydey* [3] (I<sub>2</sub>, VI), *cuydou* [1] (XI).



- 3,4% **queixarse** [29/1]: *queixa* [1] (IV), *queixades* [3] (VI<sub>3</sub>), *queixar* [14] (II<sub>2</sub>, IV, VI<sub>2</sub>, VII<sub>4</sub>, VIII, XI<sub>3</sub>, XI<sup>a</sup>), *q[ue]ixar* [3] (II, IV, VII), *queixara* [1] (X), *queixaria* [1] (VI), *q[ue]ixedes* [2] (II, VI), *queixen* [1] (IV), *queixo* [2] (IV<sub>2</sub>), *queixou* [1] (VIII) || *queyx'* [1] (VI).
- 3,2% **leixar** [61/2]: *leix'* [5] (I<sub>3</sub>, IV, VII), *leixa* [7] (I, II<sub>2</sub>, III, V, VI, VII), *leixades* [2] (I, II), *leixan* [1] (IV), *leixar* [11] (II<sub>4</sub>, IV, VI, VIII<sub>2</sub>, X, XI<sub>2</sub>), *leixara* [1] (II), *leixardes* [1] (II), *leixass'* [1] (VIII), *leixasse* [2] (I, IX), *leixe* [20] (I<sub>3</sub>, III<sub>6</sub>, IV<sub>2</sub>, V<sub>4</sub>, VII, VIII<sub>3</sub>, XI), *leixedes* [5] (II<sub>4</sub>, XI), *leixei* [1] (III), *leixou* [4] (IV, VIII<sub>2</sub>, XI) || *leyxar* [2] (VII, VII<sup>a</sup>).
- 3,1% **mais** [409/13]: *mai'* [2] (V, IX), *((M))ai'* [1] (VII), *mais* [2] (VII, XI), *(M)ais* [15] (I, III, IV<sub>3</sub>, V<sub>2</sub>, VI, VII<sup>a</sup>, VIII, XI<sub>2</sub>), *mais* [385] (I<sub>59</sub>, II<sub>45</sub>, III<sub>17</sub>, IV<sub>41</sub>, V<sub>37</sub>, VI<sub>49</sub>, VII<sub>27</sub>, VII<sup>a</sup><sub>7</sub>, VIII<sub>27</sub>, IX<sub>13</sub>, X<sub>27</sub>, XI<sub>29</sub>), *mais* [3] (I, VIII, IX), *Miais* [1] (IV) || *(M)ay'* [1] (V), *mays* [12] (I<sub>3</sub>, VII<sub>4</sub>, VII<sup>a</sup><sub>3</sub>, VIII, XI).
- 1,9% **coita-coitar** [429/8]: *coita* [284] (I<sub>22</sub>, II<sub>29</sub>, III<sub>17</sub>, IV<sub>33</sub>, V<sub>28</sub>, VI<sub>22</sub>, VII<sub>22</sub>, VII<sup>a</sup><sub>3</sub>, VIII<sub>24</sub>, IX<sub>32</sub>, X<sub>18</sub>, XI<sub>32</sub>, XI<sup>a</sup><sub>2</sub>), *coit'* [7] (V<sub>2</sub>, VI<sub>2</sub>, IX<sub>3</sub>), *(C)oitá* [1] (XI), *coit&a* [2] (IV<sub>2</sub>), *coitas* [27] (III, VI<sub>5</sub>, VII<sub>14</sub>, X<sub>2</sub>, XI<sub>5</sub>), *cuit'* [1] (II), *cuita* [48] (I<sub>29</sub>, II<sub>14</sub>, III<sub>2</sub>, IV<sub>2</sub>, VI), *cuit&a* [2] (II<sub>2</sub>), *coitad'* [9] (III<sub>2</sub>, IV<sub>2</sub>, V, VI, X<sub>2</sub>, XI), *coitada* [1] (IV), *coitado* [25] (II, III<sub>4</sub>, IV<sub>4</sub>, V, VI<sub>2</sub>, VII<sub>3</sub>, VII<sup>a</sup>, VIII<sub>4</sub>, IX<sub>4</sub>, X), *coitados* [5] (I, II, IV, VII, X), *coitan* [1] (IV), *coitar* [2] (II, III), *coita&do* [1] (II), *coitou* [1] (I), *coi&a&do* [1] (II), *cuitad'* [2] (II, IV), *cuitades* [1] (I), *cuitado* [4] (I, II, III), *cuitados* [1] (I), *cuitan* [1] (I), *coitar* [1] (I), *cuit&a&en* [1] (II) || *coyt'* [1] (V), *(C)oyt'* [1] (VIII), *coyta* [4] (I, VII<sup>a</sup><sub>2</sub>, XI), *coytado* [2] (VII<sup>a</sup>, VIII).
- 1,8% **muíto** [167/3]: *muít'* [66] (I, II<sub>7</sub>, III<sub>2</sub>, IV<sub>3</sub>, V<sub>10</sub>, VI<sub>3</sub>, VII, VIII<sub>13</sub>, IX<sub>3</sub>, X<sub>3</sub>, XI<sub>11</sub>, XI<sup>a</sup>), *muíta* [1] (I), *muítas* [6] (I, IV, VI, X<sub>2</sub>, XI), *muíto* [80] (I<sub>6</sub>, II<sub>5</sub>, III<sub>5</sub>, IV<sub>6</sub>, V<sub>11</sub>, VI<sub>6</sub>, VII<sub>5</sub>, VIII<sub>16</sub>, IX<sub>10</sub>, X<sub>4</sub>, XI<sub>6</sub>), *((M))uíto* [1] (VI), *(M)uítos* [1] (VII<sup>a</sup>), *muítos* [9] (I, II, IV, V, VII, VIII, XI<sub>3</sub>), *MVít'* [1] (VI), *MVítas* [1] (I), *((M))Vito* [1] (X) || *muyt'* [2] (VI, VII<sup>a</sup>), *muyto* [1] (I).
- 0,4% **pois** [289/1]: *pois* [3] (I, VIII, XI), *poi'* [25] (I<sub>2</sub>, II, III, IV<sub>6</sub>, V<sub>3</sub>, VI<sub>2</sub>, VII<sub>3</sub>, VIII<sub>6</sub>, IX), *(P)oi'* [1] (VI), *((P))ois* [7] (III, VI, VIII, IX, XI<sub>3</sub>), *(P)ois* [18] (II, III<sub>2</sub>, V<sub>2</sub>, VI<sub>4</sub>, VII, VIII<sub>3</sub>, IX, XI<sub>4</sub>), *pois* [235] (I<sub>18</sub>, II<sub>38</sub>, III<sub>18</sub>, IV<sub>26</sub>, V<sub>28</sub>, VI<sub>25</sub>, VII<sub>9</sub>, VII<sup>a</sup>, VIII<sub>21</sub>, IX<sub>11</sub>, X<sub>9</sub>, XI<sub>28</sub>, XI<sup>a</sup><sub>3</sub>) || *poy'* [1] (I).

Por último, no grupo reducido de formas de aparición moi excepcional (unha ou dúas ocorrencias) non son significativas as porcentaxes por non haber base de contraste suficiente no seu establecemento (son oito en total e representan o 2,5%):

- 100% **Douro** [-/1]: *doyr'* [1] (III).
- 100% **estraidade** [-/1]: *estraydade* [1] (VII).
- 100% **ir\*** [-/1]: *uoy\** [1] (V).
- 100% **Paai** [-/1]: *paay* [1] (II).
- 100% **poder** [-/1]: *poyd'* [1] (XI).
- 100% **seer\*** [-/1]: *soy\** [1] (V).
- 100% **traición** [-/2]: *traycion* [2] (X, XI).

No interior dos cadernos agóchanse páxinas que presentan desvío significativo da proporción xeral entre as dúas grafías. Contemplamos a posibilidade de que detrás delas puidese haber a intervención dunha segunda man (a da zona 2 ou outra distinta) ou un segundo momento da mesma man nesta zona e por iso procedemos á análise minuciosa das ocorrencias. Para determinar cales eran as páxinas puxemos o teito no 70% para <i> (20 puntos por baixo da media da zona) e obtivemos un florilexio de nove páxinas. En seis delas <i> é maioritario: 95 [68%], 116 [65,5%], 171 [62,5%], 178 [57,1%], 216 [55,5%] e 217 [68,4%]. En dúas presenta valores parellos aos de <y> (166 [48,3%] e 169 [50%]) e nunha é claramente minoritario (94 [19,3%]). Despois de arduas tentativas nesa dirección, finalmente acabamos descartando tal posibilidade. As páxinas non están agrupadas en series compactas (só hai dúas parellas de páxinas seguidas), non hai ningún caderno no que predominen e a súa dispersión na estrutura dos cadernos de *A* é moi marcada:

CADRO 9

II	III	VII	VII <sup>a</sup>	VIII	XI
94,95	116	166	169	171, 178	216, 217

O que sucede en realidade é que nestas páxinas se concentran casualmente nove das palabras ou grupos de palabras máis propicias ao uso de <y>. Polo peso porcentual destas páxinas no conxunto da zona 1 (nove sobre un total de 133, descontadas as 12 que están en branco), a previsión de presenza destas formas é do 5,2%, mais a súa realidade devólvenos unhas porcentaxes elevadísimas que, de certo, explican a singularidade das estatísticas destas páxinas correspondentes a <i> e <y> fronte ás outras páxinas da zona 1:

CADRO 10

	Resto zona 1		9 páx.	
	casos	%	casos	%
<i>rey</i> (100%)	2	25%	6	75%
<i>ay</i> (86,7%)	26	50%	13	50%
<i>uay</i> (75%)	6	100%	-	-
<i>foy-fuy</i> (71,5%)	40	78,5%	11	21,5%
<i>ey</i> (19,2%)	46	82,2%	10	17,8%
<i>muy</i> (9,8%)	7	66,7%	4	36,3%
<i>-(r)ey</i> (9,2%)	47	90,4%	5	9,6%
<i>sey</i> (8,1%)	12	70,6%	5	29,4%
<i>mays</i> (3,1%)	12	92,4%	1	7,6%

### 3.2. Zona 2: páxinas 226-252 (ff. 74v-87) (cads. XI<sup>a</sup> [páx. 226]-XIV)

Son os folios finais do cancionero e representan unha escasa quinta parte del (16%). A man responsable da copia dos textos desta zona acóllese á regra xeral do contexto non posconsonántico e, en consecuencia, ten unha moi clara preferencia por <y>. A diferenza das grafías da primeira man, nesta zona, vista conxuntamente, hai unha variación apreciable nas porcentaxes segundo a vogal que precede o glide: con <e> e <o> o uso de <i> non pasa do 4,5%, pero chega ao 14% e ao 26,5% cando está precedido de <u> e <a>. Mais, como veremos a seguir, non hai que interpretar este dato como indicio de influencia do contexto vocálico previo. No seguinte cadro pódese ver que o balance entre <i> e <y> decántase de forma radical en favor do segundo no cómputo global e máis moderadamente coas dúas vogais citadas:

CADRO 11

	<i>		<y>		Ambos	
	Casos	%	Casos	%	Casos	% Total
<b>TOTAL</b>	47	9,6%	445	90,4%	492	
<a>	27	26,5%	75	73,5%	102	20,7%
<e>	2	1,2%	173	98,8%	175	35,5%
<o>	5	4,1%	117	95,9%	122	24,7%
<u>	13	14%	80	86%	93	18,9%
<V>	-	-	-	-	-	-

A análise unitaria dos folios desta zona serve para opoñela claramente á do primeiro copista e para delimitar con precisión o folio e a páxina nos que se produce o cambio de man, pero non dá acceso ao coñecemento dunha circunstancia interesante do proceso de copia na parte final da compilación poética, que, por outra banda, explica as discrepancias advertidas entre os catro contextos vocálicos que preceden o glide. Si o permite, non obstante, a comprobación páxina a páxina das proporcións entre <i> e <y>. Tendo en conta estes datos paxinais, cabe distinguir nestes cadernos dúas subzonas que, a primeira vista, admiten ben a interpretación da existencia ao comezo dunha breve transición de tres páxinas entre a zona correspondente á primeira man e o resto de páxinas da parte final do cancionero. Para maior claridade chamarémoslles “zona 2a” e “zona 2b”. Comezamos a descrición pola segunda, por ser a máis extensa das dúas e a máis representativa desta zona.

A zona 2b comeza coa páxina 229 e esténdese ata o final do cancionero (páxinas 3-8 de XII e a totalidade de XIII, XIV e XIV<sup>a</sup>). Nela prodúcese un cambio radical

das proporcións de uso destes dous grafemas con relación á primeira man e os valores porcentuais para os contextos vocálicos precedentes son case idénticos. <y> pasa a ser a forma amplisimamente maioritaria e <i> non acadá o 4% de porcentaxe de uso:

CADRO 12

	<i>		<y>		Ambos	
	Casos	%	Casos	%	Casos	% Total
<b>TOTAL</b>	13	3,3%	386	96,7%	398	
<a>	4	5,6%	68	94,4%	72	18%
<e>	1	0,8%	137	99,2%	137	34,4%
<o>	3	2,7%	111	97,3%	114	28,6%
<u>	5	6,7%	70	93,3%	75	18,8%
<V>	-	-	-	-	-	-

A base leamática comprende as mesmas clases de palabras da zona 1, aquí representadas con menos ocorrencias ao se tratar dun número de páxinas moi reducido:

VERBO [191]

(a) Radical [138]: *auer* [38], *cuidar* [23], *coitar* [10], *dar* [1], *ir* [2], *lazeirar* [1], *leixar* [6], *morrer* [7], *poder* [1], *queixarse* [1], *querer* [2], *saber* [22], *seer-ir* [24].

(b) Desinencia (Pto. ind. / Fut. ind.) [53 (26/27)]: *amar* [5], *andar* [1], *aventurar* [1], *auer* [1], *cobrar* [1], *começar* [1], *deseiar* [2], *dizer* [8], *falar* [1], *fazer* [2], *guardar* [2], *ir* [2], *leixar* [3], *leuar* [4], *mirar* [3], *morrer* [4], *mostrar* [1], *pagar* [1], *passar* [1], *penar* [1], *perder* [2], *querer* [1], *quitar* [1], *seer* [2], *uiuer* [2].

SUBSTANTIVO [70]: *coita* [56], *dereito* [1], *freira* [7], *nogueira* [2], *noite* [1], *preito* [2], *rei* [1].

ADVERBIO, PRONOME OU CONXUNCIÓN [122]: *mais* [55], *mui(to)* [37], *pois* [30].

INTERXECCIÓN [15]: *ai* [15].

O emprego de <i> nesta zona non parece obedecer á aplicación de regras de tipo contextual. Non son perceptibles tendencias condicionadas por regularidades lingüísticas de calquera tipo. Na clase das palabras que presentan esta solución gráfica figuran en parecidas proporcións formas co ditongo en contexto desinencial e non desinencial, formas monosílabas e polisílabas. Dúas cousas son reseñables nesta perspectiva. Unha é a inexistencia de formas verbais en *-(r)ei*, o que é indicativo da vontade de completa regularización na imposición de <y>, ao se tratar de formas dunha rede gramatical moi cohesionada. A outra é o maior peso porcentual de <i> nas

palabras que representan o contexto non desinencial (*moir-*, *cuid-*), pero sempre nun horizonte de porcentaxes que non alcanzan o 30%:

- 28,5% **morrer** [2/5]: *moiro* [2] (XII, XIII) || *mojr'* [2] (XIII, XIV), *moyro* [3] (XIII<sub>3</sub>).
- 21,7% **cuidar** [5/18]: ((C))*uidand'* [1] (XII), *cuidando* [1] (XII), *cuidaua* [1] (XIII), *cuidand'* [2] (XIII, XIV) || *cuyd'* [4] (XIII, XIV<sub>3</sub>), (C)*uyd'* [1] (XIV), *cuyda* [1] (XIV), *cuydado* [3] (XIII<sub>2</sub>, XIV), *cuydando* [1] (XIV), *cuydar* [4] (XIII, XIV<sub>2</sub>, XIV<sup>a</sup>), *cuydara* [1] (XIV<sup>a</sup>), *cuydo* [2] (XIV<sub>2</sub>), *cuydou* [1] (XIII).
- 6,6% **ai** [1/14]: *ai* [1] (XIV<sup>a</sup>) || *ay* [10] (XII<sub>3</sub>, XIII<sub>6</sub>, XIV), ((A))*y* [3] (XII<sub>3</sub>), (A)*y* [1] (XIII).
- 5,4% **mais** [3/52]: (M)*ais* [1] (XII), *mais* [2] (XIII, XIV) || (M)*ays* [6] (XIII<sub>2</sub>, XIV<sub>4</sub>), *mays* [46] (XII<sub>5</sub>, XIII<sub>17</sub>, XIV<sub>20</sub>, XIV<sup>a</sup><sub>4</sub>).
- 3,3% **pois** [1/29]: *pois* [1] (XII) || (P)*oys* [4] (XIII<sub>4</sub>), *poys* [25] (XII<sub>6</sub>, XIII<sub>11</sub>, XIV<sup>a</sup><sub>11</sub>).
- 2,6% **auer** [1/37]: *ei* [1] (XII) || *ey* [36] (XII<sub>13</sub>, XIII<sub>5</sub>, XIV<sub>17</sub>, XIV<sup>a</sup><sub>11</sub>), *hey* [1] (XII).

Máis aló dos parámetros lingüísticos citados, só topamos unha certa regularidade na distribución das palabras nos cadernos. O número de ocorrencias decrece de forma visible segundo se avanza, probablemente polo crecente grao de vixilancia do copista na aplicación da regra neles:

CADRO 13

XII	XIII	XIV	XIV <sup>a</sup>
6	4	2	1

A zona 2a, á que nos referimos antes como unha posible transición entre a zona 1 e a que nós chamamos 2b, ocupa as páxinas 226, 227 e 228 (segunda páxina de XI<sup>a</sup> e primeira e segunda páxina de XII). Nelas preséntanse <i> e <y> nunhas proporcións que non coinciden nin coas da zona do primeiro copista nin coas da zona 2b. Neste breve intermedio conviven máis equilibradamente os usos de <i> e <y> (cadro 14).

Presentan, loxicamente, estas follas unha base lematía moito máis reducida que as outras zona e subzona:

VERBO [43]

(a) Radical [30]: *auer* [7], *cuidar* [5], *leixar* [7], *morrer* [3], *queixarse* [1], *saber* [7].

(b) Desinencia [13]: *amar* [3], *consellar* [1], *dizer* [1], *guarecer* [1], *poder* [1], *prender* [2], *punnar* [1], *querer* [1], *soffrer* [1], *ueer* [1].

SUBSTANTIVO [7]: *coita* [5], *dereito* [2].

ADVERBIO, PRONOME OU CONXUNCIÓN [43]: *mais* [12], *mui(to)* [13], *pois* [18].

CADRO 14

	<i>		<y>		Ambos	
	Casos	%	Casos	%	Casos	% Total
<b>TOTAL</b>	34	36,5%	59	63,5%	93	
<a>	23	76,6%	7	23,4%	30	32,2%
<e>	1	2,7%	36	97,3%	37	39,7%
<o>	2	25%	6	75%	8	8,6%
<u>	8	44,4%	10	55,6%	18	19,3%
<V>	-	-	-	-	-	-

A situación de desequilibrio pouco acusado entre <i> e <y> que representa o conxunto destas tres páxinas non se reproduce individualmente en cada unha delas. Só a primeira, 226, reproduce os valores xerais da tríada. As outras dúas presentan valores máis desproporcionados: a pág. 227 aproxímase máis a 1 (preferencia por <i>) e a pág. 228 presenta valores máis próximos aos de 2b (preferencia por <y>):

CADRO 15

	<a>		<e>		<o>		<u>		<V>		TOTAL	
	<i>	<y>	<i>	<y>	<i>	<y>	<i>	<y>	<i>	<y>	<i>	<y>
<b>226</b>	75%	25%	17,6%	82,4%	62,5%	37,5%	50%	50%	-	-	38,8%	61,2%
<b>227</b>	100%	-	-	100%	80%	20%	80%	20%	-	-	56,2%	43,8%
<b>228</b>	100%	-	8,3%	91,7%	22,2%	77,8%	-	100%	-	-	17,8%	82,2%

O que máis chama a nosa atención nestas tres páxinas é a quebra total das regularidades que imperan nas zonas 1 e 2b. Esta ruptura é perceptible en varios ámbitos: **(i)** non existe unha mínima homoxeneidade nas porcentaxes correspondentes á combinatoria con cada vogal precedente. As variacións son importantes de vogal a vogal e de páxina a páxina. A única que mantén valores uniformes é a combinatoria con <a>. **(ii)** ademais da irregularidade que representan as notables diferenzas de páxina a páxina, é insólita a falta de correspondencia entre a secuenciación das páxinas e a dos valores porcentuais de cada unha delas. Na primeira páxina esperaríase un dos valores extremos e na última o contrario, quedando para a páxina do medio o valor medial. En concreto, xa que parece esta unha zona de transición entre as zonas 1 e 2b, esperaríase o valor máis baixo para <y> na páxina 226, o medial na 227 e o máis elevado na 228. Sen embargo, só se cumpre o esperado na última: 226 e 227 presentan os valores cambiados.

A singularidade gráfica destes tres folios fixonos pensar na posibilidade dunha terceira man nos traballos de copia do manuscrito, admisible, a pesar do reducido número de páxinas, se pensamos que puido haber máis cadernos, hoxe perdidos. Mais as características paleográficas da súa escrita deixan claro, ao noso parecer, que estas tres páxinas e todas as posteriores do cancionero son da mesma man. A anómala situación de relativa anarquía gráfica que impera neles é máis explicable se se pensa que son os tres primeiros folios do traballo do segundo copista. No breve tempo da súa manuscritura deberon de enfrontarse dúas inercias gráficas de signo contrario. Unha era a do sistema gráfico empregado polo primeiro copista, decantado abertamente por <i> no contexto dos ditongos decrecentes. A outra inercia era a propia, a do segundo copista, que, dándolles o mesmo tratamento a todas as unidades en contexto posvo-cálico, facía de <y> opción case única, como se pode ver na zona 2b. Pensamos que é moi probable que nos momentos iniciais do seu traballo o segundo copista se vise vencido repetidamente pola inercia dos orixinais copiados e deste xeito filtráronse –e quedaron– nos textos destas primeiras páxinas formas que en momentos e páxinas posteriores deberon de ser regularizadas consonte o sistema propio como consecuencia dunha actitude máis vixilante do copista. Polo que parece, o período de vacilación debeu de ser moi curto, pois na terceira páxina, a 228, xa lle correspondía a <y> un 82,2% e nas seguintes a porcentaxe sempre foi superior:

CADRO 16

228	229	230	231	232	233	234	235	236	237	238	239	240	241	...
82,2%	94,5%	100%	-	88,9%	89,5%	85,8%	91%	91%	91%	91%	-	100%	100%	...

A lista de palabras que presentan <i> nesta zona e as súas microestatísticas non amosan na medida do esperable, polo menos directamente, a realidade gráfica dos orixinais, que debía ser idéntica ou moi parecida á da zona 1. Se fose así deberían de ser maioritarias as formas exceptivas con ditongo en posición non desinencial (polisílabas). Mais o que sucede é xusto o contrario: o maior número de ocorrencias e as porcentaxes máis elevadas correspóndenlles a palabras que presentan o ditongo en posición desinencial e monosílabas (24 [70,5%] / 10 [29,5%]). Contrariamente tamén a 2b, onde, como era de esperar, a mesma man é lixeiramente máis permeable a <i> en contexto non desinencial (polisílabas) (6 [46,1%] / 7 [53,9%]). Con esta zona comparte a meirande parte das palabras pero difire dela, talvez por acaso, nas porcentaxes e na preferencia de contextos:

94,4% **mais** [11/1]: (*M*)ais [1] (XI<sup>a</sup>), mais [10] (XI<sup>a</sup><sub>2</sub>, XII<sup>g</sup>) || *mays* [1] (XI<sup>a</sup>).  
 66,6% **pois** [12/6]: (*P*)ois [2] (XII<sub>2</sub>), *pois* [10] (XI<sup>a</sup><sub>2</sub>, XII<sup>g</sup>) || *poys* [6] (XII<sub>6</sub>).

- 14,2% **auer** [1/6]: *ei* [1] (XII) || *ey* [6] (XI<sup>a</sup>, XII<sub>2</sub>).
- 100% **cuidar** [5/-]: *cuidados* [1] (XII), *cuidando* [1] (XI<sup>a</sup>), *cuidar* [1] (XII), *cuido* [2] (XI<sup>a</sup>).
- 42,8% **muito** [3/4]: *muit'* [2] (XI<sup>a</sup>, XII), *muito* [1] (XII) || *muyt'* [1] (XII), *muyto* [3] (XII<sub>3</sub>).
- 40% **coita** [2/3]: *coita* [1] (XI<sup>a</sup>), *coitas* [1] (XII) || *coyta* [3] (XII<sub>3</sub>).

É probable que buscar regularidades ou regras nestas tres páxinas sexa un esforzo que non devolva recompensa, pois a súa copia fíxose nun contexto de evidente inestabilidade, provocada pola loita, nos interiores do copista, entre dous subsistemas gráficos opostos: o dos orixinais –e tamén, probablemente, do primeiro copista– e o seu propio.

## Bibliografía

- Arbor Aldea, Mariña (2005): “Os estudos sobre o *Cancioneiro da Ajuda*: un estado da cuestión”, en M. Brea (coord.): *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 45-120.
- Carter, Henry H. (ed.) (1941): *Cancioneiro da Ajuda. A diplomatic edition*. New York / London: Modern Language Association of America / Oxford University Press.
- Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*. Lisboa: Edições Távola Redonda / Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico / Biblioteca da Ajuda, 1994.
- Mariño, Ramón / Xavier Varela (2005): “O uso dos signos gráficos <u>, <V> e <U> no *Cancioneiro da Ajuda*”, en M. Brea (coord.): *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda hoxe*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 309-374.
- Michaëlis de Vasconcelos, Carolina (1990 [1904, 1922]): *Cancioneiro da Ajuda*. Reimpressão da edición de Halle (1904), acrescentada de un prefácio de IVO CASTRO e do glossário das cantigas (*Revista Lusitana*, XXIII). Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.
- Ramos, Maria Ana (1993): “Cancioneiro da Ajuda”, en Giulia Lanciani / Giuseppe Tavani (coords.): *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*. Lisboa: Caminho, pp. 115-117.
- Ramos, Maria Ana (1994): “O Cancioneiro da Ajuda. História do manuscrito, descrição e problemas”, en *Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição facsimilada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*. Lisboa: Edições Távola Redonda / Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico / Biblioteca da Ajuda, pp. 27-47.



- Ramos, Maria Ana (2004): “O cancionero ideal de D. Carolina”, en M. Brea (coord.): *O Cancioneiro da Ajuda cen anos despois*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 13-40.
- Ramos, Maria Ana (2005): “«Mise en texte» nos manuscritos da lírica galego-portuguesa”, en R. Alemany, J. L. Martos/J. M. Manzanaro (eds.): *Actes del X Congrés Internacional de l'Associació Hispànica de Literatura Medieval*. Alacant: Institut Interuniversitari de Filologia Valenciana, pp. 1335-1353.
- Rodríguez, Alexandre / Xavier Varela (2007): “As grafías no *Cancioneiro da Ajuda*”, en A. Boullón / H. Monteagudo (eds.): *Na nosa lyngoage galega: a emerxencia do galego escrito na Idade Media*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 473-556.
- TMILG: Xavier Varela Barreiro (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/tmilg>).
- Varela Barreiro, Xavier (2005): “Os usos das letras maiúsculas no *Cancioneiro da Ajuda*”, en A. I. Boullón / X. L. Couceiro / F. Fernández (eds.): *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, pp. 275-288.
- Zufferey, François (1987): *Recherches linguistiques sur les chansonniers provençaux*. Genève: Librairie Droz.